

Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos

Última versión

MODIFICACIONES

Decreto 191/2011, do 22 de setembro
Artigos 5, 6 e 7 derrogados por disposición derogatoria primeira

Os cambios operados na prestación dos servizos que as administracións públicas están a realizar nas últimas décadas son un reflexo fiel da sensibilidade cara á realidade social a que pertencen. É indubidable o esforzo que as administracións públicas españolas, e a galega, en particular, están realizando para adaptarse a un contorno, cambiante de seu, asumindo novas técnicas e novas ferramentas que permitan unha prestación de servizos acorde coas expectativas dos cidadáns.

Dentro deste esforzo de adaptación e de impulso da calidade na xestión da Administración autonómica, que se desenvolve a través do Plan Mellora, un dos obxectivos fundamentais é a desburocratización da Administración, simplificar a relación entre esta e o cidadán, facéndoa máis fluída, máis áxil e menos onerosa, evitando gastos innecesarios de tempo, papel e diñeiro. Este decreto quere ser un primeiro paso para acadar os obxectivos establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que pretende abrir camiño para que toda relación entre cidadáns- Administración se leve a cabo utilizando as tecnoloxías actualmente dispoñibles, potenciando a relación telemática entre ambos.

Seguindo así co xa establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seu artigo 35 f), de non presentación de documentos que xa se atopen en poder da Administración, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, nos seus artigos 33.1º e 34, referidos a que a xestión electrónica da actividade administrativa se realizará baixo os criterios de simplificación administrativa e de impulso dos medios electrónicos aos procesos de traballo, e no artigo 2 i) da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración galega, de emprego das técnicas informáticas e telemáticas para o desenvolvemento da súa actividade, establecendo, ademais, a utilización dos medios telemáticos nas relacións entre os órganos da Administración da Xunta de Galicia, coa posibilidade do acceso interno aos rexistros e bases de datos existentes e



o fomento da tramitación electrónica nas relacións con aqueles colectivos que, polos medios económicos ou tecnolóxicos de que dispoñen, están en disposición de poder facelo.

Este decreto tamén pretende ser o punto de arranque para que a documentación que actualmente se ve obrigado a presentar o cidadán, por exixilo así a normativa que regula o procedemento para o cal formula solicitude, se vexa reducida ao imprescindible. Neste sentido, esta norma recolle a non exixencia daqueles documentos que son repetitivos e non teñen ningún valor engadido ou son susceptibles de ser consultados por conexións informáticas e aqueles que son xerados pola propia Administración autonómica.

De entre os documentos que actualmente se requiren para acompañar toda solicitude que os cidadáns formulan ante a Administración, o máis reiterado é, sen dúbida, a fotocopia do documento nacional de identidade. Este documento, con carácter xeral, por terse acompañado a cada unha das solicitudes formuladas, entrégaselles en diferentes ocasións ás administracións públicas con que se relaciona o cidadán. Ademais, repítese habitualmente ao constar na propia solicitude, na súa fotocopia que se presenta e nalgún dos documentos que se acompañan. No entanto, hai que ter en conta que, en procedementos moi concretos, é necesario verificar a identidade do solicitante e imprescindible contrastar os datos que figuran no documento nacional de identidade, sendo necesario, nestes casos, establecer as canles necesarias para que os órganos administrativos poidan realizar esa comprobación. De forma parecida habería que falar do certificado de empadramento.

En igual situación están aqueles documentos que xera a propia Administración no desenvolvemento das súas competencias. Existen actualmente na Xunta de Galicia medios telemáticos suficientes para facilitar a consulta sobre resolucións xeradas polos seus propios órganos, que son importantes para outro procedemento administrativo. Eximir os cidadáns da presentación destes documentos resulta imprescindible na Administración actual. Ademais dunha menor carga, a consulta por medios telemáticos suporá un aforro importante de tempo e medios para a propia Administración, evitando a viaxe do papel entre unidades administrativas. Fanse dúas exclusións: por unha banda, a relativa a aqueles documentos anteriores en máis de cinco anos á data da entrada en vigor desta norma, co obxecto de salvagardar a seguridade xurídica que podería resultar afectada de non atoparse a documentación necesaria, por estar referida a momentos en que as condicións de informatización eran precarias; e, pola outra, os certificados médicos emitidos polos facultativos do Servizo Galego de Saúde, pola imposibilidade operativa de incorporalos, tendo en conta a extensión da rede do citado servizo, e pola curta vixencia que, en principio, pode ter este certificado, ao poder mudar a saúde das persoas en breve prazo de tempo.

Por outra banda, e seguindo o sinalado no artigo 8.4º da Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, créase o portelo electrónico 24x7, que complementa o Rexistro Telemático a que se refire o artigo 5 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán. De esta forma, recóllense as dúas posibilidades de rexistros electrónicos que regula o artigo 24 da Lei 11/2007, do 22 de xuño. O obxecto deste portelo 24x7 é que os



cidadáns dispoñan da posibilidade de presentar os seus escritos e comunicacións en calquera momento e calquera día da semana, dándolle validez xurídica ao formulado por estar protexido pola sinatura electrónica da persoa que presenta o documento.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de outubro de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

É obxecto deste decreto o impulso das novas tecnoloxías da información na tramitación administrativa e a simplificación da documentación que deberán presentar os interesados nos procedementos administrativos cuxa tramitación e resolución corresponda á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aos seus organismos e demais entes públicos autonómicos, coa finalidade de conseguir unha Administración máis áxil, máis accesible e con mellores servizos aos cidadáns.

Artigo 2º.-Non exixencia da fotocopia do documento nacional de identidade e verificación dos datos de identidade.

1. Non será exixible a fotocopia do documento nacional de identidade nos procedementos administrativos comprendidos no ámbito de aplicación deste decreto. De igual xeito, non será exixible o documento equivalente dos/as estranxeiros/as residentes en territorio español, expedido polas autoridades españolas de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns da Unión Europea e doutros estados parte do Acordo sobre o espazo económico europeo.

2. Se para a tramitación dun procedemento for imprescindible acreditar os datos de carácter persoal, que figuren no documento de identidade daquel que teña a condición de interesado /a, o órgano competente para a tramitación poderá comprobalos por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas que para tal fin establece o departamento competente en materia de xestión da Administración electrónica, tras o consentimento expreso do interesado/ a, que deberá constar na mesma solicitude que formule para a iniciación do procedemento.

No caso de que o interesado/a non prestase o consentimento para a comprobación dos datos, poderá exixírselle que entree a fotocopia do documento de identidade correspondente.

3. De haber discordancia entre os datos facilitados polo interesado/a e os que consten no acceso informático que se estableza, o órgano competente poderá realizar as actuacións necesarias para a súa aclaración.



Artigo 3º.-Non exixencia do certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e da residencia.

1. Non será exixible o certificado de empadramento, como documento que probe o domicilio e a residencia dos/as interesados/as, nos procedementos administrativos comprendidos no ámbito de aplicación deste decreto no exercicio das súas competencias.

2. Se para a tramitación dun procedemento for imprescindible acreditar os datos relativos ao domicilio e á residencia a que se refire o parágrafo anterior, o órgano competente para a tramitación poderá comprobalos, por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Administracións Públicas, que para tal fin estableza o departamento competente en materia da administración electrónica, tras o consentimento expreso do interesado/ a, que deberá constar na mesma solicitude que formule para a iniciación do procedemento.

No caso de que o interesado/a non prestase o consentimento para a comprobación dos datos, poderá exixirse o certificado de empadramento necesario.

3. De haber algunha discordancia entre os datos facilitados polo/a interesado/a e os que consten no acceso informático que se estableza, o órgano competente poderá solicitarlle o certificado ao propio/a interesado/a ou ao concello que corresponda.

4. No caso de producirse un cambio de domicilio nos últimos dous meses, período correspondente á actualización da base de datos, referida á data entre a alta no padrón de habitantes e a comunicación da modificación ao órgano competente, o/a interesado/a deberá acompañar o certificado directamente ou sinalar o concello para onde efectuou o cambio.

Artigo 4º.-Non exixencia de documentos xerados pola Administración autonómica.

1. Non lles será exixible aos interesados na incoación, tramitación e resolución dun procedemento administrativo, referido a materias competencia da Xunta de Galicia, ningún documento que sexa xerado polos organismos sinalados no artigo 1º deste decreto. No caso de que sexa necesario, tales documentos ou datos alternativos que se precisen serán incorporados polo órgano responsable da tramitación, utilizando os medios telemáticos de que dispón. En caso de datos de carácter persoal, será necesario o previo consentimento expreso do interesado/ a, que poderá, ben, de ser o caso, constar na solicitude de iniciación do procedemento, ou ben en comunicación que para o efecto dirixa ao órgano competente, de conformidade co establecido no artigo 6 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. En materia tributaria observarase, ademais, o disposto na súa normativa específica.

2. Exclúense do establecido no parágrafo anterior, aqueles documentos cunha antigüidade superior a cinco anos, contados desde a entrada en vigor deste decreto, e os certificados médicos relativos á saúde de cada persoa, emitidos polos facultativos do Servizo Galego de Saúde.



3. As unidades responsables dos rexistros administrativos ou bases de datos con información de interese para a tramitación de procedementos administrativos cooperarán co resto das unidades administrativas para acadar a máxima interoperabilidade dos seus sistemas de información, de xeito que a achega da información se realice a través de medios telemáticos.

4. A consellería competente en materia de xestión da administración electrónica creará un catálogo de rexistros administrativos e bases de datos existentes na Administración da comunidade autónoma e nos organismos dela dependentes, establecendo o seu inventario e difusión para coñecemento do resto da organización e as condicións de coordinación e interoperabilidade que faciliten a tramitación dos procedementos administrativos, co obxecto de conseguir unha mellor xestión no desenvolvemento das competencias de cada organismo e de dar cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999.

5. Para a execución do sinalado no punto anterior, as unidades administrativas facilitaránlle ao órgano correspondente da consellería competente en materia de xestión da administración electrónica, información relativa aos rexistros administrativos e bases de datos de que dispoñan, sinalando as características dos datos, contidos, estrutura, niveis de protección, tratamento e operación destes.

Decreto 191/2011, do 22 de setembro.

Artigo derogado: Artigos 5, 6 e 7 derogados por disposición derogatoria primeira

Disposicións transitorias

Primeira.-Réxime transitorio dos documentos de identificación.

Mentres non se estableza o acceso electrónico a que fai referencia o artigo 2º.2, nos procedementos en que sexa imprescindible coñecer os datos identificativos do documento nacional de identidade ou tarxeta equivalente dos estranxeiros/as residentes en territorio español, a que se refire o mesmo artigo, os órganos administrativos comprendidos no ámbito de aplicación deste decreto poderán exixir a achega da fotocopia dos citados documentos.

Segunda.-Réxime transitorio dos documentos acreditativos do domicilio e residencia.

Mentres non se estableza o acceso electrónico a que fai referencia o artigo 3º.2, nos procedementos en que sexa imprescindible coñecer os datos identificativos do domicilio e da residencia do/a interesado/ a nun procedemento administrativo, os órganos administrativos comprendidos no ámbito de aplicación deste decreto poderán exixir a achega do certificado correspondente.

Terceira.-Réxime transitorio do establecido no artigo catro.



Dentro do prazo de seis meses, contado a partir da entrada en vigor deste decreto, a consellería competente en materia de xestión de administración electrónica procederá á elaboración do catálogo de rexistros administrativos e bases de datos a que se refire o artigo 4º.4 desta norma. Mentres tanto non será aplicable o previsto no número 1 do mesmo artigo.

Disposición derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento normativo.

Facúltase a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións normativas que sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e tres de outubro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño

Presidente

José Luis Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

